

## **“CAMPAMENTOS A LANZADA” 2024**

### **OBXECTO**

A institución provincial, co obxecto de promover o desenvolvemento persoal e social das nenas e nenos e favorecer a comunicación e o dinamismo multicultural, organiza o programa “Campamentos A Lanzada” 2024, no que se ofertan 1.540 prazas nos campamentos de verán para menores da provincia de Pontevedra.

Este programa ofrece a posibilidade de que as nenas e nenos gocen do seu tempo libre no verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que contribúan ao seu enriquecemento persoal e lles permitan coñecer outros lugares fóra do seu contorno habitual.

### **OBXECTIVOS**

1. Fomentar o contacto coa natureza
2. Ensinar a desenvolverse nun medio non habitual
3. Potenciar a motricidade e a maduración persoal
4. Ensinar a ocupar o tempo libre dunha forma construtiva
5. Desenvolver a sociabilidade entre as e os menores
6. Inculcar hábitos hixiénicos, alimentarios e de exercicio físico
7. Fomentar o respecto polo medio e a conservación da natureza
8. Darlles a oportunidade de participar a menores pertencentes a familias con escasos recursos económicos

### **PREGUNTAS FRECUENTES**

#### **1. Quen pode participar nos campamentos?**

As nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacer entre os anos 2011 e 2016 (ambos os dous incluídos)
- Estar empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Non padecer ningunha enfermidade infectocontaxiosa en fase activa

Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra.

No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou patoloxía, isto deberá facerse constar no cuestionario de saúde e autonomía persoal, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

No caso de menores que presenten algún grao de diversidade funcional, se teñen praza adxudicada, será necesario poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica enviando un correo electrónico a [inspeccionmedica@depo.gal](mailto:inspeccionmedica@depo.gal), e será o persoal sanitario da institución provincial quen solicite os informes médicos ou a documentación necesaria para valorar as súas necesidades no campamento.

## **2. En que consiste o campamento?**

Os “Campamentos A Lanzada” organízanse entre os meses de xuño e setembro, en quendas de sete días, nas instalacións do Centro de Vacacións da Lanzada (propiedade da Deputación de Pontevedra), situado na estrada de San Vicente do Mar, A Lanzada, s/n, O Grove.

## **3. Que servizos están incluídos?**

As nenas e nenos participantes disporán dos seguintes servizos en cada quenda:

- a) Un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia destinado a nenas e nenos. Algunhas destas impartiranse en lingua inglesa
- b) Aloxamento en tendas de campaña no campamento xuvenil
- c) Manutención en réxime de pensión completa
- d) Todo o material necesario para as actividades
- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas e en lingua inglesa. Así mesmo, no caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas características
- f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes

#### 4. En que datas se realizarán as quendas?

Os campamentos terán lugar entre o 23 de xuño e o 07 de setembro de 2024. Realizaranse 11 quendas, de sete días de duración cada unha (de domingo a sábado), nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 23 ao 29 de xuño
- Segunda quenda: do 30 de xuño ao 6 de xullo
- Terceira quenda: do 7 ao 13 de xullo
- Cuarta quenda: do 14 ao 20 de xullo
- Quinta quenda: do 21 ao 27 de xullo
- Sexta quenda: do 28 de xullo ao 3 de agosto
- Sétima quenda: do 4 ao 10 de agosto
- Oitava quenda: do 11 ao 17 de agosto
- Novena quenda: do 18 ao 24 de agosto
- Décima quenda: do 25 ao 31 de agosto
- Décimo primeira quenda: do 1 ao 7 de setembro

A data de realización da última quenda queda condicionada á de comezo do curso escolar 2024/2025. **A entrada ao campamento será o domingo pola tarde, de 16:00 a 18:00 horas**, e a saída, o sábado seguinte, de 10:00 a 12:00 horas.

#### 5. Que prazo hai para presentar a solicitude?

Será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

O prazo de presentación de solicitudes será do 31 de xaneiro ao 27 de febreiro de 2024, ambos os dous incluídos.

#### 6. Como e onde inscribir a nena ou o neno?

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra,

<https://sede.depo.gal>, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF, que se deberá gardar para a súa presentación na Sede electrónica.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en PDF, que deberá imprimirse e asinarse para a súa presentación presencial.

#### **7. Que normas se deben seguir para realizar a solicitude?**

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir en quendas diferentes, deberase presentar unha solicitude para cada un deles; deste xeito, entrarán por separado no sorteo para adxudicar a praza e para xerar listas de agarda. Non se poderá garantir que, de conseguir praza, o fagan en quendas diferentes.

Os impresos de solicitude deberán cubrirse de acordo coas seguintes normas:

- a) Só se poderá cubrir unha solicitude por persoa e as quendas elixiranse por orde de preferencia, para o que se empregarán os códigos asignados
- b) Os datos da persoa solicitante deberán ser os da nai, pai ou persoa titora da ou do menor que opta a participar no campamento
- c) No caso de solicitudes múltiples que opten a participar na mesma quenda, deberán cubrirse os datos de cada irmá ou irmán que solicite participar
- d) As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou persoa titora da ou do menor solicitante

#### **8. Como se comprobán ou corrixen os datos da solicitude e cal é o prazo para facelo?**

Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes, a persoa interesada deberá estar pendente da publicación das listas en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) para comprobar que os datos de mecanización da súa solicitude son correctos.

A Deputación enviaralle unha mensaxe SMS de cortesía ao móbil de todas as persoas solicitantes cun código para que poidan acceder ao enlace habilitado e consultar e revisar os datos da súa solicitude.

Se as persoas interesadas detectasen algún erro nos datos mecanizados ou non atopasen a solicitude, deberán poñerse en contacto co Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo electrónico [xuventudereto@depo.gal](mailto:xuventudereto@depo.gal) para que poidan emendarse.

Estes erros deberán comunicarse no prazo sinalado na web cando se publique a lista.

Unha vez transcorrido ese prazo, non procederá ningunha reclamación contra os erros ou as omisións nas solicitudes.

#### **9. Que documentos hai que presentar xunto coa solicitude de praza?**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das e dos menores solicitantes
- NIF da nai, pai ou titora ou titor das e dos menores solicitantes
- Certificado de residencia das persoas menores solicitantes

E, no seu caso, os seguintes:

- Título de familia numerosa
- Título de familia numerosa emitido pola Xunta de Galicia
- Certificado de discapacidade
- Consulta de datos de residencia legal de persoas estranxeiras

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

A facultade de oposición ás consultas, no caso de persoas interesadas menores de idade, deberá formalizala a ou o proxenitor, titora ou titor ou representante legal.

Por outra parte, deberase achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda:

#### **Para as solicitudes polo procedemento xeral (base sétima 7.2):**

- Libro de familia (se as ou os menores solicitantes non dispoñen de DNI ou de NIE)
- Acreditación da condición de familia monoparental

- No seu caso, copia do ditame médico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente

**Para as solicitudes polo procedemento específico (base sétima 7.3):**

- Prazas reservadas a concellos (175 prazas, base 7.3.1):
- Libro de familia (no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou de NIE)
- No seu caso, copia do ditame médico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente
- Valoración social (anexo III)
- Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade (anexo IV)

**Prazas reservadas asignadas a menores do centro Príncipe Felipe (25 prazas, base 7.3.1):**

- Libro de familia (no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou de NIE)
- No seu caso, copia do ditame médico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente
- Certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que están en situación de internamento (anexo V)

**Prazas reservadas asignadas a menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia (10 prazas, base 7.3.1):**

- Libro de familia (no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou de NIE)
- No seu caso, copia do ditame médico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente
- Certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que están en situación de internamento (anexo V)

**10. Cal é o prezo do campamento?**

- 110 euros por praza
- 80 euros por praza para menores de familia numerosa ou monoparental

Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán indicar no cadro correspondente do formulario de solicitude (anexo II) que teñen o título de familia numerosa ou monoparental e autorizar a consulta telemática; se non a autorizan, deberán achegar o documento acreditativo (se non se presenta, non se aplicará o desconto).

Estes prezos inclúen todos os servizos do campamento, incluída a excursión ao exterior.

Co fin de asegurar a igualdade de oportunidades a institución provincial asumirá o 100 % do prezo da praza para promover a **inclusión social** das e dos menores da provincia de Pontevedra.

**11. Que documentos hai que presentar no caso de que a ou o menor teña praza adxudicada? Documentación que se lle debe remitir ao Servizo de Inspección Médica da institución provincial (só no caso de resultar beneficiaria ou beneficiario da praza e cando se sinale no cuestionario de autonomía persoal e saúde que a ou o menor ten algunha patoloxía ou algún tipo de diversidade funcional que precise de apoio específico).**

Informe de saúde da ou do especialista que proceda, no que se indiquen a patoloxía, o tratamento farmacolóxico ou a terapia que precisa, e no que se faga constar que a súa condición médica lle permite asistir ao campamento.

No caso de que se detecten ou diagnostiquen enfermidades, alerxias ou intolerancias alimentarias entre a data de presentación das solicitudes e a data de incorporación ao campamento, será necesario poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica a través do enderezo de correo electrónico [inspeccionmedica@depo.gal](mailto:inspeccionmedica@depo.gal), e será o persoal sanitario o que solicite o correspondente informe de saúde.

**Todas as persoas beneficiarias do programa deberán levar o primeiro día do campamento a tarxeta sanitaria orixinal ou o documento equivalente do seguro médico privado.**

**12. Como se distribúen as prazas?**

O número total de prazas ofertadas para este programa é de 1.540, distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral

- 210 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: reservaranse para menores en situación ou en risco de exclusión social e repartiranse do seguinte xeito:
  - 175 prazas para menores en situación ou en risco de exclusión social dos municipios da provincia de Pontevedra
  - 25 prazas para menores do Centro Príncipe Felipe, dependente da Deputación de Pontevedra
  - 10 prazas para menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra

### **13. Como se adxudican as prazas?**

A adxudicación das prazas, tanto no procedemento xeral coma no específico, realizarase por sorteo, a través de medios informáticos e do seguinte xeito:

- Cubriranse as 140 prazas de cada unha das quendas (70 nenas e 70 nenos)
- Confeccionarase unha lista de agarda

Na páxina web da institución provincial publicarase :

- O anuncio do lugar, do día e da hora de realización do sorteo público
- O resultado do sorteo coa lista de menores con praza adxudicada para cada quenda e a lista das 100 primeiras persoas de agarda para cada quenda

O resultado do sorteo notificarase mediante unha mensaxe SMS de cortesía, para efectos informativos, ao móbil das persoas con praza adxudicada para que efectúen o pagamento; non obstante, estarán obrigadas a consultar a súa situación na lista que se publique na páxina web. Se non se efectúa o pagamento no prazo establecido, perderase o dereito á praza.

Non está permitido cederlles a praza adxudicada a terceiras persoas.

Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

O sorteo rexerese por un algoritmo do programa informático no que se terá en conta o seguinte:

- Daráselles prioridade ás nenas e nenos que non asistiron ao campamento na última edición do verán do ano 2023.
- Asignaranse en cada quenda 70 prazas para nenas e outras 70 para nenos. De non existir cota suficiente para cubrilas, farase a través de múltiplos de cinco, por exemplo: 60/80, 65/85.
- Co obxectivo de favorecer a conciliación familiar, cando unha ou un menor que non participase na edición do 2023 obteña praza, as e os irmáns incluídos na mesma



solicitud tamén obterán praza na mesma quenda aínda que xa a tivesen na última edición.

- Cota por concello: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do censo do ano 2023, de acordo coa repartición que se detalla no apartado final das bases.

A praza adxudicada será intransferible.

#### **14. Como se realiza o pagamento da praza adxudicada?**

Nun prazo máximo de dous días desde a realización do sorteo de adxudicación de prazas publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra ([www.depo.gal](http://www.depo.gal)) os documentos de pagamento e a forma, o prazo e os lugares para realizalo.

Os documentos de pagamento serán individualizados para cada menor; tamén no caso de irmás ou irmáns que obtivesen praza.

A persoa responsable da ou do menor (nai, pai, titora ou titor) recibirá un SMS de cortesía no seu móbil coas claves para acceder e descargar os recibos.

Se non reciben as claves no móbil, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a solicitalas e a proceder ao pagamento dentro do prazo publicado na páxina web.

Se este pagamento non se fai efectivo no prazo establecido no recibo, perderase o dereito á praza obtida, que pasará a ocupar outra persoa da lista de agarda.

#### **15. Hai lista de agarda?**

Na relación de agarda non se terá en conta a cota correspondente a cada concello.

As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo adxudicaráselles ás e aos menores da lista de agarda, tendo en conta que a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena e a baixa dun neno, cun neno.

No caso de solicitudes múltiples, ofreceráselles praza cando as vacantes coincidan tanto en número coma en xénero cos membros incluídos nesta; de non ser así, chamaríanse as e os membros da seguinte solicitude que cumpran todos os requisitos das prazas vacantes.

A medida estas se produzan, a Deputación contactará coas persoas solicitantes incluídas na lista de agarda mediante unha mensaxe SMS, que se enviará ao teléfono móbil facilitado na instancia.

Na mesma mensaxe indícarase o prazo que se concede para, no seu caso, efectuar o pagamento da praza do campamento.

Se renuncia a persoa que se chamou ou esta non efectúa o pagamento no prazo establecido, daráselle de baixa e contactarase coa seguinte persoa da lista de agarda á que lle corresponda a praza vacante.

**16. Se se realiza o aboamento da praza e finalmente a nena ou neno non pode acudir, é posible a devolución do diñeiro?**

Para ter dereito á devolución do importe aboado da praza adxudicada a persoa interesada deberá solicitar por escrito a renuncia á praza e a súa devolución. Só se terá dereito á devolución do importe da cota de inscrición:

- **No caso de que a persoa interesada non puidese asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificados:**
  - Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)
  - Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dunha ou dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar a xustificación do motivo)
  - Admisión noutra actividade nas mesmas datas (deberá achegar o xustificante de pagamento)

Coa maior brevidade posible, a persoa interesada deberá comunicarlle a renuncia á praza ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, por teléfono ou por correo electrónico ao enderezo [xuventudereito@depo.gal](mailto:xuventudereito@depo.gal), co fin de que a Deputación poida realizar as xestións de adxudicación desa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

A solicitude de devolución da cota de inscrición deberase presentar en canto se produza algún destes motivos que xustifican a renuncia xunto co xustificante correspondente.

- **No caso de que non se preste o servizo por causas non imputables á persoa interesada ou a Administración anule a actividade:**

A solicitude de devolución da cota de inscrición deberase presentar no prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día no que a Deputación comunique as causas da non prestación do servizo.

Para estes efectos, as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de inscrición, que poderán descargar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Non se admitirán as solicitudes de devolución da cota que non se presenten na forma recollida nas bases.